

Renacimiento en España

Lucía Alcalde Lorenzo

Contexto histórico e sociolóxico:

Coincide coa Idade de Ouro





No século XV, estes reinos Cristiáns independentes da Baixa I.M. deixan de loitar entre si tralo matrimonio dos Reis Católicos e expanden territorios cara ao sur. En 1492 desaparecen os últimos restos dos árabes e fortalécese a autoridade real e relixiosa da Península. Fin da mestizaxe e asentamento poboacional definitivo da Meseta cun comercio do téxtil. Iníciase unha época de bonanza económica, poder político e un auxe da cultura.



España como país no s.XVI tralo acceso ao trono de Carlos I. El e o seu fillo terán a maior potencia económica e política do tempo con diversos territorios.



Chegan a España ideas como o antropocentrismo e heliocentrismo, a imprenta, o auge das cidades, o humanismo... Neste contexto son importantes as Artes plásticas, literarias e musicais sobre todo pola importancia da propaganda política e relixiosa.



A música conta cun grande sabor relixioso. Pode deberse ao medo popular cara outra invasión árabe. Aínda así, a mestura procedente das culturas permaneceu ante as relacións comerciais que os monarcas tiñan con Anjou, Borgoña, Flandes e Nápoles. Desta confluencia xurdiron dous grandes estilos:

- **Estilo internacional** ou **franco-flamenco**: imitaba os modelos dos mestres centroeuropeos, sobre todo na música relixiosa.
- **Estilo nacional**: os trazos musicais tiñan certa identidade e unidade, comparable aos estilos francés e italiano sobre todo na profana.

Exemplo de Música Vocal no Renacemento:

<https://www.youtube.com/watch?v=UxwBjZnXuS4>



O estudo e desenvolvemento da música levábase a cabo nas:

Capelas Musicais: un espazo ou aula do templo, corte, igrexa, casa nobiliaria... onde se facían ensaios musicais para interpretalos nun un acto cerimonial.

Ademais dun **mestre de capela** (ensinaba, dirixía, controlaba e regulaba á capela) contaba cun ou máis organistas, unha capela vocal (cantores nenos e adultos xoves con adultos solistas) e unha capela de ministriles (grupo de instrumentistas que amenizaban procesións, entradas, saídas e outros espazos musicais con diversos instrumentos).





Poucos documentos musicais renacentistas conservados antes dos Reis Católicos: os únicos son da Corte de Alfonso V. Coas capelas recóllense obras musicais vocais para a súa interpretación e recordo.

A maior fonte: os **Cancioneiros** (coleccións de su música especialmente profana e pouca relixiosa). Tamén se recollen en manuscritos de Catedrais, colexiatas e mosteiros (música relixiosa). Houbo coleccións impresas para a música instrumental. <https://www.youtube.com/watch?v=HnBa8cTi7Bk>




Música vocal profana: Vilancico e Romance

Créanse as capelas musicais reais e as de nobres importantes. Os poucos documentos conservados asóciase á Coroa de Aragón. Accede ao trono Felipe II (s.XV): máis capelas, florecemento da polifonía en España, influencias musicais, moi bos xéneros autóctonos. Principais Cancioneiros:

- **Da Colombina:** copiado en 1490. Biblioteca de Fernando de Colón. 95 pezas.
- **De Palacio:** copiado a finais do s.XV. 460 pezas moi diversas.

En ambos se atopan recollidos xéneros caracterizadores da música vocal profana, os vilancicos e os romances.



VILANCICO: referencia ás “cancións de villanos”, de estilo popular, a tres e catro voces que podían ser dobradas ou instrumentos. Tipos:

De desventuras: amor, situacións políticas, históricas...

Jocoso: vida cotiá

Relixioso: 2ª metade s. XVI. Forma flexible pero unha clara estrutura: A BB A.

Juan del Enzina (Hoy Comamos y Bebamos, Cu Cú...).

<https://www.youtube.com/watch?v=UxwBjZnXuS4>

Hoy Comamos y Bebamos

<https://www.youtube.com/watch?v=1oHGuypM6kw>

Cu cú

ROMANCE: da tradición oral. O romance polifónico desenvólvese (s.XV) pero logo decae (s.XVI). Poema estrófico sen retrouso que narra unha historia. Pode interpretarse *a capella* ou cunha solista e un laúde ou unha vihuela. Parte da quarteta octosilábica que se adapta á melodía, cada verso ten unha frase musical.

El enamorado y la muerte – Anónimo

<https://www.youtube.com/watch?v=XhuWYqBczEU> Triste España sin ventura

FIN